



II TROFEO DE MARCHA ATLETICA CONCELLO DE CERVO

Art.1).- O Concello de Cervo organiza, o 12 de Abril no Estadio Municipal de A Veiga (Cervo), o II Trofeo de Marcha Atlética en pista, que puntúa para o Circuíto Galego de Marcha Atlética 2025.

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 7 de Abril.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 9 de abril e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e os dorsais postos.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Distancias e **horario definitivo.**

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
10:40	10:50	10:55	11:00	2000	Sub 12	H-M
11:00	11:10	11:15	11:20	1000	Sub 10	H-M
11:15	11:25	11:30	11:35	2000	Sub 14	H
11:30	11:40	11:45	11:50	2000	Sub 14	M
11:50	12:00	12:05	12:10	3000	Sub 16	H-M
12:15	12:25	12:30	12:35	5000	Absoluta	H-M



Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnic@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.